

Problemas relacionados coa determinación da forma «canónica» nunha base de datos de refráns franceses (*DicAuPro*)

Jean René Klein¹

UC Louvain

Neste artigo examínanse os criterios mediante os que se pode determinar a «forma canónica» de 1500 refráns (e as súas 25.000 variantes) listados no *Dictionnaire automatique et philologique des proverbes français* (*DicAuPro*). Preséntanse varias posibilidades ilustradas con táboas de variantes de *DicAuPro*.

Palabras clave: paremioloxía, lexicografía, base de datos.

This paper examines the criteria according to which the 'canonical form' of 1 500 proverbs (and their 25 000 variants) listed in the *Dictionnaire automatique et philologique des proverbes français* (*DicAuPro*) can be determined. Various scenarios are presented and illustrated with variants tables from *DicAuPro*.

Key words: paremiology, lexicography, data base.

1. Descrición do proxecto

O proxecto *DicAuPro* (*Dictionnaire automatique et philologique des proverbes français*)² consiste na realización dunha base de datos informática dos refráns franceses recollidos no dicionario de Littré, no *Larousse du XXe siècle* e no *Grand Larousse encyclopédique*. Esta empresa tivo a súa orixe nunha trintena de memorias sobre os refráns franceses realizadas recentemente baixo a dirección de André Goosse. A falta

¹ Tradución de Beatriz Vizcaíno Pena e Leopoldo Cañizo Durán.

² Este proxecto naceu en 1999 a partir da colaboración entre os membros do CELEXROM (Centre d'étude des lexiques romans, Université catholique de Louvain), Monique Coppens D'eeckenbrugge, Fiorella Flamini, Jean René Klein, Jean-Marie Pierret e Mirella Conenna, profesora da Universidade de Bari. Evidentemente, as consideracións que seguen arrequereron coas numerosas conversacións que mantiven con estes meus colegas.

de tratamento informático, estes traballos consagrados á descrición sistemática dos refráns franceses, non explotables na súa forma orixinal, corrían o risco de se perderen.

Esta base de datos, en vía de ser rematada, ofrece a primeira documentación de cada unha das variantes dende a Idade Media. A este efecto foron examinados os grandes dicionarios franceses, dende 1606 (Nicot) ata o século XX, os dicionarios históricos, as compilacións de refráns dende a Idade Media ata o século XX e as edicións de textos literarios provistas de listaxes de refráns. Deste xeito, dispoñemos dun corpus de máis de 1500 refráns, que representan máis ou menos 25.000 variantes.

Non era a nosa intención entregarnos a un precipitado traballo de informatización ó xeito das compilacións desprovistas de calquera referencia, coma as que abundan en Internet. Base de datos automatizada que, por suposto, estará dispoñible en formato CD-ROM, *DicAuPro* permitirá, mediante enlaces, efectuar diferentes tipos de buscas orientadas (unidades lexicais, datas, fontes, etc.). Ademais, o traballo foi realizado seguindo un estrito protocolo de rexistro no que se respectan tódalas esixencias filolóxicas. O principio reitor é que todo usuario poderá, mediante informacións sobre o autor, a obra e as referencias precisas desta, chegar á fonte de calquera refrán presentado. Ademais da referencia ó autor, unha cela «oeuvre» sinala os títulos das obras literarias, os dicionarios e as compilacións de refráns; con respecto á cela «références», esta precisa a edición utilizada ou, no seu defecto, a fonte, cando se trata dunha citación de segunda man. Para as datacións, foi preciso distinguir unha data de rexistro (data precisa ou aproximada na que a variante puido ser documentada) e unha data de clasificación (que lle permite ó ordenador establecer unha orde cronolóxica). Calquera usuario da base de datos poderá verificar a través do protocolo a pertinencia da maneira en que a entrada se rexistrou, e terá así mesmo a posibilidade de verificar tódalas documentacións de variantes remitíndose á extensa bibliografía xeral, na que se recollen tódalas obras mencionadas (coas súas abreviacións) no *DicAuPro*: dicionarios, compilacións de refráns, ensaios sobre os refráns, edicións de textos literarios, etc.

É preciso destacar que estas variantes (entre as que están comprendidas as variacións gráficas) representan unicamente as primeiras documentacións dunha *forma proverbial* en particular e non son necesariamente, xa que logo, testemuños da vitalidade real de tal forma na época en cuestión. Exemplo disto é a táboa seguinte, na que se inclúen as variantes do refrán: *Qui a peur des feuilles n'aille au bois*. A forma canónica escolleita (que será sempre indicada en negriña), unha das formas sinaladas por Littré (s.v. *bois*), documentada dende 1595, impúxose sobre formas posteriores: é esta a que atopamos actualmente no TLF e no GRob 2001.

Nº	Variante	Type	Auteur	Œuvre	Référence(s)	Date affichage	Date tri
1	Qui aura paour des feuilles ne voise point au boys	P		Estienne Legris	Mor 1827	av. 1444	1443

Problemas relacionados coa determinación da forma «canónica» nunha base de datos de refráns franceses (DicAuPro)

2	Qui a peur des feuilles ne voise point au bois	P		Prov. gal.	s.v. qui	1519	1519
3	Qui a peur des feuilles ne voise point au bois	P		Meigret	Dejardin, 1891-1892, 306	m. XVIe s.	1550
4	Qui aura paour des fueilles ne voise point au bois	P		Goedthals	: 78	1568	1568
5	Il ne faut pas aller au bois qui craind les feuilles	P		Meurier	: 105	1578	1578
6	Qui a peur des feuilles n'aïlle au bois	P		Supplément du Catholicon	Satire Ménippée, éd. Tricotet II : 21	1595	1595
7	Qui a peur des fueilles ne voyse point au boys	P		Nic		1606	1606
8	Qui a peur des feuilles ne doit aller au bois	P		Cotgr		1611	1611
9	Qui craind les feuilles, ne doit point aller aux bois	P		Garnier	: 100	1612	1612
10	Qui a peur des loups ne doit point aller aux bois	P		Garnier	: 100	1612	1612
11	Qui a peur des feuilles ne doit point aller aux bois	P		Garnier	: 100	1612	1612
12	Il ne faut pas aller au bois si lon craind les feuilles	P		Loyselet	lettre I	1617	1617
13	Il ne faut pas aller au bois qui a peur des feüilles	P		OudC	s.v. feuille	1640	1640
14	Qui a peur des feuilles ne doit point aller au bois	P		Fur	s.v. feuille	1690	1690
15	Il ne faut point aller au bois qui a peur des feuilles	P		Fur	s.v. peur	1690	1690
16	Qui craint les feüilles n'aïlle pas au bois	P		Ac		1694	1694
17	Qui a peur des feüilles n'aïlle point au bois	P		Ac		1694	1694
18	Qui a peur des feüilles ne doit point aller au bois	P		Ac		1694	1694
19	Qui craint les feuilles n'aïlle pas au bois	P		De Backer	s.v. bois	1710	1710

20	N'aille au bois qui a peur des feuilles	P		Ac		1718	1718
21	N'aille au bois qui a peur des feuilles	P		Ac		1740	1740
22	Qui a peur des feuilles n'aille point au bois	P		Ac		1740	1740
23	Il ne faut point aller au bois quand on a peur des feuilles	P		Le Roux	II : 138	1752	1752
24	Qui a peur des feuilles ne doit pas aller au bois	P		Panckoucke	: 85	1758	1758
25	Qui a peur du loup ne va pas au bois	P		Méry	II : 57	1828	1828
26	Quand on a peur des loups, il ne faut pas aller au bois	P		Hennebert	: 176	1868	1868
27	N'aille au bois qui craint les feuilles	P		Düringsfeld	I : 277	1872	1872
28	Qui craint les feuilles n'aille point au bois	P		Düringsfeld	I : 277	1872	1872
29	Qui a peur des feuilles n'aille pas au bois	P		Demartean	II : 560	1889	1889
30	Qui a peur des feuilles n'entre au bois	P		Loquet	: 51	1890	1890
31	Qui a peur des feuilles ne va pas au bois	P		Pradez	: 288	1927	1927
32	Il ne doit point aller au bois qui craint les feuilles	P		Vibraye	: 75	1934	1934
33	Qui a peur des loups ne doit point aller au bois	P		Vibraye	: 75	1934	1934

2. O problema das formas «canónicas»

Como para calquera dicionario, a natureza e a forma das entradas que han figurar na nomenclatura –neste caso, a forma do refrán que servirá de entrada na táboa de variantes– é unha cuestión non sempre doada de resolver. No caso particular dos refráns, que fan, por definición, parte da tradición, determina-la variante máis común ou de uso máis corrente na actualidade require un atento exame dos testemuños

dispoñibles. Ó non se poñeren de acordo os dicionarios recentes³ sobre o predominio dunha forma determinada, o ideal sería dispoñer de estudos sobre a utilización real das formas proverbiais por parte dos usuarios contemporáneos. Para o caso do francés, non dispoñemos máis que dos datos achegados polo artigo de Pierre Arnaud (1992), que realizou unha investigación sobre o uso de 415 refráns. Unha consulta en *Google* pode constituír un índice da vitalidade actual dunha forma determinada, sempre e cando verifiquemos que non se trata de listas baseadas en antigas compilacións, senón de documentacións na prensa ou en textos recentes.

Pareceunos importante, así, precisa-los criterios que nos permitiron ata agora escolle-la forma canónica máis apropiada, decisión que resulta difícil para os refráns menos vivos na nosa época. Estas escollas serán ilustradas mediante algúns exemplos-tipo tirados do corpus.

Daremos conta en primeiro lugar dos refráns do Littré, e a continuación daqueles que non figuran neste dicionario e que foron estudados a partir de dous dicionarios do século XX (*Lar. du XX^e siècle* e *Grand Larousse encyclopédique*).

Refráns que figuran no Littré

Caso nº1 : O Littré achega unha única forma dun refrán

Tres posibilidades:

1. A forma do Littré non figura nos dicionarios recentes →adóptase como forma canónica.

Ex : FC : *À chevaux maigres vont les mouches*

On fait tomber les charges plutôt sur les petits que sur les grands (Li, s.v. maigre).
Les pauvres, les affligés sont plus exposés que d'autres aux mauvaises chances (Li, s.v. mouche).

5 variantes no *DicAuPro*:

Nº	Variante	Type	Auteur	Œuvre	Référence(s)	Date affichage	Date tri
----	----------	------	--------	-------	--------------	----------------	----------

³ No posterior citados deste xeito :

Ac⁹ : *Dictionnaire de l'Académie Française*, 1992-.

GLE : *Grand Larousse encyclopédique*, 1960-1964.

GDEL : *Grand dictionnaire encyclopédique Larousse*, 1982-1985.

TLF : *Trésor de la langue française*, 1971-1994.

GRob. 2001 : *Le Grand Robert de la langue française*, 2001

PLi 2005 : *Le Petit Larousse illustré*, 2005

NPR 2006 : *Le Nouveau Petit Robert*, 2006.

1	Aux chevaux maigres va la mouche	P		Baïf	Euvres en rime, éd. Marty-Laveaux V : 78	1581	1581
2	Les mouches vont toujours aux chevaux maigres	P		Cotgr		1611	1611
3	A chevaux maigres vont les mouches	P		Fur		1690	1690
4	A cheval maigre vont les mouches	P		Cahier	374	1856	1856
5	Aux chevaux maigres vont les mouches	P		Pradez	: 30	1927	1927

A cronoloxía achegada polo *FEW* (VI, 3, 248b) –de Furetière 1690 a Larousse 1949– mostra sen dúbida que o refrán xa non está vivo. Observemos que as formas «aparentemente máis recentes» sinaladas na táboa non constitúen necesariamente un índice de vitalidade, dado que certas compilacións de refráns cónfórmanse con reproducir formas recollidas por veces en fontes relativamente antigas.

2. A forma do *Littre* está presente nas obras modernas → adóptase como forma canónica.

Ex : FC : *À bon chat, bon rat*

Bien attaqué, bien défendu (Li, s.v. bon).
La défense vaut l'attaque (Li, s.v. chat).
Se dit en parlant de celui qui sait se bien défendre, quand on l'attaque (Li, s.v. rat).

12 variantes no *DicAuPro*, entre as cales:

Nº	Variante	Type	Auteur	Œuvre	Référence(s)	Date affichage	Date tri
1	A mau chat mau rat	P			FEW VI (1) : 124a	XIIIe s.	1250
9	A bon chat bon rat	P	Cholières	Matinées	V, Oeuvres, éd. Tricotel I : 180	1585	1585
12	A mauvais rat mauvais chat	P		Lar XIX		1867	1867

Este exemplo amósanos claramente que á forma adoptada por Littré (Cholières, 1585), plenamente común nos nosos días, seguírona eventualmente outras (v. Lar XIX) que non sobreviviron ó uso moderno.

3. A forma do Littré difire das obras recentes → adóptase unha forma presente nas obras recentes

Ex. (1) : *Un bon averti en vaut deux* (Li)

FC : *Un homme averti en vaut deux*

Celui qui a été prévenu, à n'en pas douter, de ce qui peut lui arriver, est doublement sur ses gardes (Li, s.v. averti).

13 variantes no *DicAuPro* :

Nº	Variante	Type	Auteur	Œuvre	Référence(s)	Date affichage	Date tri
1	Ung homme advisé en vault deux	P	Rabelais	Pantagruel	IX bis, éd. Saulnier : 63	1532	1532
2	Un adverty en vaut deux	P	Charron	De la sagesse	Lac, s.v. adverty	1601	1601
3	Un aduerti en vaut deux	P		Passe-par-tout des pères jésuites	DDL 38, s.v. averti	1606	1606
4	Une personne avertie en vaut deux	P		Ramonneurs	IV, 7, éd. Gill : 121	ca 1624	1624
5	Un homme adverty en veut deux	P	Gantez	Entretien des musiciens	DDL 19, s.v. averti	1643	1643
6	Un homme adverti en vaut deux	P	Gantez	Entretien des musiciens	DDL 19, s.v. averti	1643	1643
7	Un adverti en vaut deux	P		De Backer		1710	1710
8	Un bon adverti en vaut deux	P		Ac		1718	1718
9	Un averti en vaut deux	P		Ac		1718	1718

10	Un bon averti en vaut deux	P		Le Roux		1752	1752
11	Bon averti [...] en vaut deux	E	Fabre d'Eglantine		Lar XIX, s.v. averti	1794+	1794
12	Un homme averti en vaut deux	P		La Mésangère	: 150	1821	1821
13	Qui dit averti dit muni	P		Amory de Langerack		1865	1865

Para este refrán, as obras de referencia (GLE, GDEL, TLF, PLi 2005, NPR 2006, Arnaud 1992) son unánimes ó escolleren a FC. É de subliñar que o dicionario da Academia, na súa 9ª edición, substituíu esta variante por *Un bon averti en vaut deux*, única forma presente na 8ª edición (1935).

Ex. (2) : *Pierre qui roule n'amasse pas de mousse* (Li)

FC : *Pierre qui roule n'amasse pas mousse*

Il ne faut pas changer constamment, il faut se fixer, si l'on veut profiter (Li, s.v. mousse).
Celui qui change souvent de métier, de profession, ne fait pas fortune (Li, s.v. pierre).
Il faut être constant dans une profession pour y faire fortune (Li, s.v. rouler).

29 variantes dans *DicAuPro*, entre as cales :

Nº	Variante	Type	Auteur	Œuvre	Référence(s)	Date affichage	Date tri
1	Pierre volage ne keult mousse	P		Prov. Au vilain	Mor 1634	ca 1180	1180
12	Pierre souvent muée n'attire point mousse	P		Nic	Appendice : 11	1606	1606
13	Pierre qui se remue n'accueille point de mousse	P		Cotgr		1611	1611
17	Pierre qui roule n'amasse point de mousse	P		OudC	s.v. pierre	1640	1640
19	Pierre qui roule n'amasse pas de mousse	P		Trév		1771	1771

21	Pierre qui roule n'amasse jamais mousse	P		La Mésangère	: 410	1823	1823
22	Pierre qui roule n'amasse pas mousse	P		Boiste	s.v. rouler	1828	1828

De seguírmo-los traballos de Anscombe (e.a. *Langages* 2000), non é casual que a forma sen determinante, a máis concisa e a máis rítmica, con asonancia de [a] (*n'amasse pas*), se impuxera sobre variantes con *accueille, attire, jamais, point*.

Ex. (3) : *Il ne faut point disputer sur les goûts* (Li, s.v. goût, 8°)

FC : *Des goûts et des couleurs il ne faut pas discuter*

Il n'y a pas en soi de goût ou de couleur qui soient préférables à d'autres, leur mérite dépend uniquement de l'estime que chacun en fait (Lar XIX, s.v. goût).

29 variantes en *DicAuPro*, entre as cales:

N°	Variante	Type	Auteur	Œuvre	Référence(s)	Date affichage	Date tri
1	Il ne faut point disputer des gousts	P		Fur		1690	1690
8	Il ne faut point disputer sur les goûts	P		Li		1866	1866
11	Des goûts et des couleurs il ne faut pas discuter	P		Martel	440	1883	1883

Os dicionarios de referencia máis modernos adoptan as variantes con *discuter, goûts e couleurs* para este refrán que ten a súa orixe no latín medieval (« *De gustibus et coloribus non disputandum* », PLi 2005). Unha variación menor subsiste en obras recentes (*il ne faut pas discuter / on ne discute pas*), e algunhas evocan aínda a antiga variante *disputer* (GDEL, TLF, NPR 2006).

Ex. (4): *Les beaux esprits se rencontrent* (Fur)

Les grands esprits se rencontrent (Quitard)

FC: *Les grands esprits se rencontrent*

Avoir les mêmes pensées, la même idée (Lar XIX, s.v. se rencontrer).

4 variantes no *DicAuPro*:

Nº	Variante	Type	Auteur	Œuvre	Référence(s)	Date affichage	Date tri
1	Les beaux esprits se rencontrent	P		Fur		1690	1690
2	Les beaux esprits se rencontrent souvent	P		Trév		1771	1771
3	Les grands esprits se rencontrent	P		Quitard	: 359	1842	1842
4	Les beaux esprits se rassemblent	P	Léautaud	Passe-temps	: 53	1927	1927

Nas obras modernas, a variante máis frecuente é sen dúbida *Les grands esprits se rencontrent* (GDEL, PLi 2005, NPR 2006, Arnaud 1992), á que o TLF e o GRob 2001 engaden *Les beaux esprit se rencontrent*. Nótese que esta última forma é atribuída con frecuencia á correspondencia de Voltaire (cf. GRob 2001 e mencións de Google) que, non obstante, non é o autor.

Caso nº 2 : O Littré achega diferentes formas dun refrán

Tres posibilidades:

1. Unha das variantes está mencionada nas obras recentes ou na maioría delas → adóptase esta variante como forma canónica.

Ex : *Qui bien aime, bien châtie* (Li, s.v. *châtier*)

FC : *Qui aime bien, châtie bien* (Li, s.v. *aimer*)

C'est une preuve d'amitié que de reprendre quelqu'un de ses défauts (Li, s.v. *aimer*).
On a une affection éclairée pour celui que l'on reprend, que l'on avertit de ses fautes (Li, s.v. *châtier*).

18 variantes en *DicAuPro*, entre as cales:

Nº	Variante	Type	Auteur	Œuvre	Référence(s)	Date affichage	Date tri
1	Cheli qui m'eme, me chastie	P	Jean Martin	Vie du bienheureux Thomas Hélie de Biville	Fehse : 61	XIVe s.	1350
8	Qui aime bien châtie bien	P		D'Hautel	I : 182	1808	1808

Tódalas obras de referencia actuais adoptaron a segunda forma, que aparece a comezos do século XIX.

2. Varias das formas presentes no Littré consígnanse nas obras modernas → adóptase a variante que semella estar mellor representada nos nosos días.

Ex: (1): *Un malheur amène son frère* (Li, s.v. *malheur*)

Un malheur ne vient jamais seul (Li, s.v. *malheur*)

FC: *Un malheur n'arrive jamais seul* (Li, s.v. *arriver*)

76 variantes no *DicAuPro*, entre as cales:

Nº	Variante	Type	Auteur	Œuvre	Référence(s)	Date affichage	Date tri
1	Toz jorz atret / Li uns maus l'autre	P	Chrétien de Troyes	Philomena	éd. de Boer, v. 840-1	ca 1170 (?)	1170
26	Un malheur ne vient jamais seul	P	Rabelais	Pantagruel	Oeuvres, éd. Lefranc IV : 337	1532	1532
65	Un malheur n'arrive jamais seul	P		Ac		1762	1762

No Littré están presentes tres formas, mais neste caso os testemuños actuais están algo máis repartidos, en especial no que respecta ás dúas últimas variantes, mentres que a primeira (con *frère*), recollida no GLE («*ou plus souvent... ne vient jamais seul*») e no TLF (s.v. *malheur*), parece certamente menos habitual. O NPR 2006 e o TLF (s.v. *arriver, malheur, seul*) consignan sen distinción as variantes con *arriver* e *venir*. Polo

tanto, é a forma con *arriver*, seleccionada pola investigación de Arnaud 1992, a que se adopta como forma canónica.

Ex. (2): *Qui se sent galeux, se gratte* (Li)

FC: *Qui se sent morveux, se mouche* (Li)

No canto de pensar en facer destas dúas variantes refráns sinónimos, resulta máis pertinente considerar *galeux* e *morveux* metáforas equivalentes destinadas a expresar a mesma idea, o cal semella corroborar unha variante que asocie ámbalas dúas formas.

Celui qui se sent coupable des choses qu'on blâme en général, doit prendre pour lui la censure (Li, s.v. morveux).

7 variantes (con *morveux*) e 12 (con *galeux*) no *DicAuPro*, das que:

4	Qui se sent morveux se mouche, et qui est galeux se gratte	P	Patin	Lettres	éd. Reveillé-Parise III : 273	10 octobre 1660	1660
---	--	---	-------	---------	----------------------------------	--------------------	------

Falta identifica-la variante que servirá de forma canónica. Mentres algúns dicionarios actuais (GRob 2001, TLF) dan conta das dúas formas, outros (GDEL, PLi 2005, NPR 2006) só inclúen a que contén o termo *morveux*. Por conseguinte, esta última forma, seleccionada por Arnaud 1992 e claramente maioritaria entre as mencións proporcionadas por Google (23000 para *morveux* fronte a 133 para *galeux*), é a que se impón.

Ex. (3): *La balle vient au joueur*

La balle vient au bon joueur

La balle va au joueur

La balle cherche le joueur

La balle au joueur

Au bon joueur vient la balle

Au bon joueur la balle lui vient

FC: *Au bon joueur la balle*

As oito variantes figuran no Littré (s.v. *balle, joueur, venir*).

Un homme habile sait faire tourner en sa faveur les chances fortuites (Li, s.v. balle).
À celui qui est habile son habileté fait trouver des occasions favorables (Li, s.v. joueur).

35 variantes no *DicAuPro*, entre as cales:

N°	Variante	Type	Auteur	Œuvre	Référence(s)	Date affichage	Date tri
----	----------	------	--------	-------	--------------	----------------	----------

1	Au bon çoelleur vient souvent la pelote	P			MorAN : 423	m. XIVe s.	1350
11	Au bon jôieur la balle	P		Ac		1694	1694

Este exemplo difire lixeiramente dos dous precedentes por canto que o refrán parece estar en desuso segundo o GRob 2001 e o TLF (cómpre reparar, no entanto, en que o PLi 2005, o NPR 2006, o Ac⁹ e Arnaud 1992 non fan a mesma observación). A forma canónica adoptada, a máis concisa, é consignada polo GLE, o TLF e o GRob 2001.

3. Ningunha das formas que recolle o Littré está consignada nas obras recentes → adóptase a forma mellor representada no uso actual.

Ex.: *Quand les chats n'y sont pas, les souris dansent* (Li, s.v. chat)

Quand les chats n'y sont pas, les souris s'ébattent (Li, s.v. souris)

Absent le chat, les souris dansent (Li, s.v. souris)

FC : ***Quand le chat n'est pas là, les souris dansent***

En l'absence des chefs, des maîtres, les inférieurs, les écoliers se dérangent (Li, s.v. chat).
En l'absence du maître, du surveillant, on prend toute licence (Li, s.v. souris).

45 variantes no *DicAuPro*, entre as cales:

Nº	Variante	Type	Auteur	Œuvre	Référence(s)	Date affichage	Date tri
1	Ou chas n'a souris i reuele	P		Prov. au vilain	Tobler 209	ca 1180	1180
42	Quand le chat n'est pas là, les souris dansent	P		Pradez	: 286	1927	1927

O acordo é case unánime respecto da forma canónica seleccionada (GDEL, TLF, s.v. *chat, souris*, GRob 2001, s.v. *chat, danser*, NPR 2006, s.v. *chat*), ó lado de variantes minoritarias recollidas no GLE, PLi 2005 (*le chat parti, les souris dansent*) e GRob 2001 (*quand le chat est parti, les souris dansent*).

Caso nº 3: O Littré consigna un refrán que desapareceu do uso moderno → adóptase a variante citada en primeiro lugar por orde alfabética, salvo que exista un criterio pertinente (ritmo, asonancia, concisión...)

Ex.: FC: *Pendant que le chien pisse, le loup s'en va* (Li, s.v. *chien*)

Le moindre retardement fait manquer l'occasion (Li, s.v. *chien*).
 Il ne faut pas laisser échapper l'occasion qui se présente (Li, s.v. *loup*).

20 variantes no *DicAuPro*:

N°	Variante	Type	Auteur	Œuvre	Référence(s)	Date affichage	Date tri
1	Tant come le chin chie, s'en vet le leu a bois	P		Proverbia rusticorum	Mor 2286	XIIIe s.	1250
2	Taunt cume le chien chïe, curt li levre al bois	P		Li respit del curteis et del vilain	StengelRESP : 155	XIVe s.	1350
3	Entrementes que le chien chie, le lou va au boys	P		Estienne Legris	Langlois 247	av. 1444	1443
4	Tendis que chien pisse / Le loup s'enfuit au bois	P		Prov. en rimes	éd. Frank et Miner : 42	XVe s.	1450
5	Tandis que le chien chiet, le loup s'en va	P		Prov. gal.		1519	1519
6	Cependant que le loup chie, la brebis s'enfuit	P		Lambrecht	: 226	1562	1562
7	Ce pendant que le loup chie, / La brebis au bois s'enfuit	P		Meurier	: 38	1578	1578
8	Loup s'enfuit tandis que chien chie	P		Baïf	éd. Blanchemain I : 45	1597	1597
9	Pendant que le loup chïe, la brebis eschappe	P		Gomes de Trier, Jardin de récréation		1611	1611
10	Tandis que le chien crie, le loup s'enfuit	P		Cotgr		1611	1611

11	Tandis que le loup muse, la brebis entre au bois	P		Cotgr		1611	1611
12	Tandis que le chien chie, le loup s'en va	P		Cotgr		1611	1611
13	Pendant que le chien chie, le loup s'en va	P		Garnier	: 142 et 521	1612	1612
14	Tandis que le loup chie, la brebis s'enfuit	P		Fur		1690	1690
15	Tandis que le chien pisse, le loup s'enfuit	P		Fur		1690	1690
16	Pendant que le chien pisse, le loup s'en va	P		Ac		1694	1694
17	Tandis que le chien passe, le loup s'enfuit	P		De Backer		1710	1710
18	Pendant que le chien pisse, le lièvre s'enfuit	P		La Mésangère	: 261	1821	1821
19	Pendant que le chien pisse, le lièvre s'en va	P		Lar XIX		1869	1869
20	Pendant que le chien passe, le loup s'enfuit	P		Loquet	: 77	1890	1890

No caso deste refrán, que presenta un número considerable de variantes entrecruzadas, mentres que outras semellan ser produto dunha «confusión paronímica», posiblemente causada polo decoro (var. *chie* e *crie*, *pisse* e *passe*...), debe observarse que a forma adoptada (con *chien*, *pisse* e *loup*) pode considerarse a mellor representada ó longo do tempo.

Refráns que non figuran no Littré

A variante adoptada como forma canónica é a que se atopa representada con máis frecuencia nas obras actuais.

Ex. (1): *La vengeance se mange froide*

FC: *La vengeance est un plat qui se mange froid*

Il faut savoir attendre pour se venger (GLE, s.v. proverbes).

2 variantes no *DicAuPro*:

Nº	Variante	Type	Auteur	Œuvre	Référence(s)	Date affichage	Date tri
1	La vengeance se mange froide	P		Lar XX	s.v. vengeance	1933	1933
2	La vengeance est un plat qui se mange froid	P		Ilg	: 71	1960	1960

Estas son as dúas únicas formas deste refrán, sen dúbida recente, recollidas no *DicAuPro*. A variante adoptada (NPR 2006, Arnaud 1992, Rey-Chantreau) é obxecto de 35000 mencións en Google, fronte a 6 para *La vengeance se mange froide*, forma que, con todo, tamén figura no GDEL, no GRob 2001 e no TLF.

Ex. (2) : *La crainte du Seigneur est le commencement de la sagesse*

FC: *La peur du gendarme est le commencement de la sagesse*

12 variantes no *DicAuPro*, entre as cales:

Nº	Variante	Type	Auteur	Œuvre	Référence(s)	Date affichage	Date tri
1	Cumencement de sapience, la crieme de nostre Segnor	P		Psautier d'Oxford	éd. Michel : 172	XIIe s.	1150
4	La crainte du Seigneur est le commencement de la sagesse	P		Garnier	: 187	1612	1612
12	La peur du gendarme est le commencement de la sagesse	P		TLF	s.v. gendarme	1981	1981

Este refrán presenta a particularidade de que, tendo orixe nunha cita bíblica (*La crainte du Seigneur est le commencement de la sagesse*), parece estar revestido, na nosa época, dunha forma «laicizada», consignada no TLF (s.v. *gendarme*), ó lado da expresión (*avoir*) *la peur du gendarme*. Cómpre reparar no feito de que certas obras sinalan unicamente o sintagma *la peur du gendarme* (NPR 2006, s.v. *peur*, Rey-Chantreau) que, xa que logo, parece ter substituído a *seigneur*, tal e como o indica de xeito explícito o GDEL: «La crainte du Seigneur est le commencement de la sagesse, *phrase de la Bible (Psaumes CX; Proverbes, IX, 10, etc.) qu'on rappelle en remplaçant souvent 'Seigneur' par 'gendarme'*».

Conclusión

Os exemplos-tipo que se propuxeron mostran con claridade que non sempre é doado determina-la forma canónica que servirá de entrada para as variantes dos refráns, con frecuencia numerosas, nunha base de datos coma o *DicAuPro*. A dificultade radica na propia natureza dos enunciados «tradicionais» que son os refráns e que se perpetúan, en moitas ocasións, dende a Idade Media, cunha identidade indiscutible conservada por medio de múltiples variantes. Esta identidade aparece, no *DicAuPro*, a través da forma canónica establecida ben en función dun uso actual predominante ou ben, no caso dos refráns tirados do uso, pola determinación dunha variante máis representativa no desenvolvemento diacrónico. Non se debe esquecer que esta base de datos recolle os primeiros testemuños das variantes proverbiais, o cal non implica necesariamente a vitalidade efectiva destas no momento en que se rexistran, xa que os dicionarios ou as compilacións consignan, por veces, formas antigas ou simplemente copiadas de obras anteriores. Por último, cómpre reparar no feito de que raramente se atopan indicacións verbo da obsolescencia de certas variantes, excepto nos dicionarios recentes que, con todo, só proporcionan esta información dun xeito esporádico.

Bibliografía

(V. nota 2 para os dicionarios citados no artigo)

- ANSCOMBRE, J.-C. (2000): «Parole proverbiale et structures métriques» en *Langages* 139,2000,6-26.
- ARNAUD, P. (1992): «La connaissance des proverbes français par les locuteurs natifs et leur sélection didactique» en *Cahiers de lexicologie* 60,1992,195-238.
- REY, A. e CHANTREAU, S. (2003): *Dictionnaire des expressions et locutions*. Les Usuels du Robert, Paris.